



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



SAÚDA DO NOVO PRESIDENTE

Deportistas, compañeiros e amigos do ámbito federativo:

Co novo ano 2011 comezo a miña labor como Presidente da Federación Galega de Montañismo, chámome Adolfo Puch e quero saudaros moi cordialmente, penso que a maioría xa me coñecedes polos anos que levo dedicado ó mundo do montañismo como deportista, directivo de club e dende fai moitos anos traballando na Federación.

Dende xa, quero facervos partícipes do novo equipo directivo da Federación co que arrincaremos con ilusión ó novo mandato, e comunicarvos ó Calendario de Actividades ambalós dous xa as tedes colgados nesta páxina web da Federación dende finais de ano.

Vivimos tempos convulsos cunha crises social e económica moi importante, e debemos ser conscientes dende o primeiro día do novo mandato, de que ó diñeiro que recibimos das Administracións Públicas tende a decrecer por razóns obvias.

No ano 2010 tivemos unha redución do noso presuposto dun 5% e no próximo exercicio ó recorte chegará ó 9%, as perspectivas, polo tanto, a medio prazo non son moi optimistas. Deberemos optimizar e priorizar os obxectivos onde investiremos estas axudas. Esperemos que en poucos anos os nosos orzamentos volvan a subir a medida que mellore a situación económica xeral.

Como consecuencia do exposto e a nosa intención na medida do posible fomentar o noso auto financiamento o que no vai ser tarefa exenta de dificultades, pese a este escenario quero que sexades partícipes da ilusión ca que meu equipo tratará de levar o día a día da nosa federación.

O legado que vai a recibir a nova Xunta Directiva da F.G.M. e un organismo saneado economicamente, e con un interesante patrimonio froito do esforzo de Xosé Lois Freixeiro e dos que formamos parte do seu equipo, e debemos mantelo.

Na nova etapa trataremos de que o federado note mais a nosa proximidade, fomentaremos na medida do posible a promoción e divulgación do noso deporte con campañas de información e formación, e debemos mellorar a nosa canteira, de xeito que a medio prazo se poda producir o anhelado relevo xeracional no noso deporte.

Queremos aumentar a participación dos federados, tanto nas actividades tradicionais como en outras novidasas que pretendemos emprender, ademais de nas xornadas didácticas que leve a cabo a nosa Federación.

Por suposto, faremos algúns cambios de orientación en determinados temas, e seremos continuistas, en outros emprendidos ó meu xuízo con total acerto nos derradeiros anos na nosa Federación.

Quero agradecer sinceramente ó meu amigo Xosé Lois Freixeiro todo a seu esforzo e dedicación a nosa Federación Galega de Montañismo no seu longo mandato, nun camiño que tiven a satisfacción de compartir con el, e que será para min inesquecible, tanto nos bos, como nos malos momentos que tamén ós tivemos.

Freixeiro director, compañeiro e amigo, creo que e de xustiza darte un “GRAZAS” con maiúsculas, para min que tiven a oportunidade de coñecer e tratar a tódolos Presidentes que levaron a Federación dende a súa fundación, teño que felicitarte pola inxente labor realizada, por poñer un dato, no e sinxelo que no mandato dun Presidente dunha federación autonómica do Estado Español se construían catro refuxios de montaña.

Deixas o listón moi alto, tratarei de facer moitas cousas positivas pero partindo da base de que vai a ser difícil chegar ós obxectivos acadados no teu mandato, penso que aínda podes e debes dicir moito no noso deporte, na Federación Española se te ríspeta e aprecia, como xa tiveches a oportunidade de comprobar en decembro no homenaxe que te fixeron a FEDME e as Federacións Autonómicas.

Polo que respecta a F.G.M. penso contar coa túa colaboración, e terás sempre abertas a portas para aportar a túa experiencia e sabiduría e contribuír a mellora do deporte en xeral .

Na nova etapa que agora emprendemos, espero contar ca colaboración de todos, e si e pertinente ca vosa crítica constructiva, e vos desexo un ano deportivo cheo de éxitos, na practica do noso deporte. Cada día mais o montañismo e un xeito de vida saudable para a mente e o corpo, o mellor modo de loitar contra o estres diario e de escudriñar novos horizontes. Feliz ano ó colectivo federado galego, e que as vosas metas e anhelos se vexan colmadas no 2011.

Un saúdo e una forte aperta

O Presidente
Adolfo Puch